

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e cinco de febreiro de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao

efecto convocada, e sendo as nove horas dez minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 23 de febreiro de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

2.- APROBACIÓN DE PROXECTO TÉCNICO DE OBRA

Consta nas dependencias municipais o seguinte proxecto técnico redactado por orde da Alcaldía:

Proxecto técnico da obra de "MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS LUGARES DA FERVENZA, SENRA DE RIBA, SENRA DE BAIXO, BARRIO (SANTA BAIA DE CAMBA), VILAXUSTE, VILAMEÁ (NEGRELOS) E ÁLCEME", redactado pola enxeñeira técnica industrial Dona M^a del Pilar Pardo Pérez, con data febreiro de 2022, cun importe global de

TRINTA E OITO MIL CENTO OITENTA E NOVE EUROS CON CORENTA E TRES CÉNTIMOS (38.189,43 €), IVE incluído, desagregado nos seguintes conceptos:

✓ Execución por contrata:	35.783,81 €
✓ Honorarios de proxecto:	1.202,81 €
✓ Honorarios dirección de obra:	1.202,81 €

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias con data 24/02/22, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado, condicionado á obtención das autorizacións sectoriais pertinentes segundo o informado polo técnico municipal.

3.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO CON CARGO Á LIÑA EN CONCORRENCIA NON COMPETITIVA DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2022

Dáse conta aos Sres. concelleiros asistentes da Orde do 29 de decembro de 2021 da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2022, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 16, do 25/01/22). O Sr. alcalde informa que o Concello ten asignada a cantidade de 50.314,38 € na liña de concorrencia non competitiva

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo as seguintes subvencións económicas para o proxecto que coa súas denominación, actuacións incluídas nel, e orzamentos deseguido se enumeran:

Liña non competitiva:

DENOMINACIÓN DO PROXECTO: Proxecto de gastos en investimentos e gastos de funcionamento. Fondo de Compensación Ambiental 2022

ACTUACIÓNS INCLUÍDAS	ORZAMENTO TOTAL	SUBVENCIÓN SOLICITADA	TIPO DE GASTO
Adquisición de vehículo para diversos servizos municipais	32.061,14 €	32.061,14 €	Investimento
Adquisición de sistema de cloración para o servizo municipal de abastecemento de auga	11.409,60 €	11.409,60 €	Investimento
Servizo municipal de recollida de lixo	6.843,64 €	6.843,64 €	Funcionamento

Segundo.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do acordado.

4.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO CON CARGO Á LIÑA EN CONCORRENCIA COMPETITIVA DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2022

Dáse conta aos Sres. concelleiros asistentes da Orde do 29 de decembro de 2021 da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2022, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 16, do 25/01/22). O Sr. alcalde informa da conveniencia de optar asemade polas subvencións en concorrencia competitiva para financiar un

investimento de mellora de eficiencia enerxética do alumeado en diversos lugares do Concello.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo una subvención por importe de TRINTA MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E UN EUROS CON CINCUENTA E CATRO CÉNTIMOS (30.551,54 €) para o financiamento do investimento denominado *“Mellora da eficiencia enerxética nos lugares da Fervenza, Senra de Riba, Senra de Baixo, Barrio (Santa Baia de Camba), Vilaxuste, Vilameá (Negrelos) e Álceme”*.

Segundo.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do acordado.

5.- SOLICITUDE DE AXUDA AO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO (IET) PARA ACTUACIÓNS DE CORRECCIÓN DE IMPACTOS PAISAXÍSTICOS

Dáse conta aos Sres. concelleiros presentes da Resolución do 20 de decembro de 2021 do Instituto de Estudos do Territorio pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia, xestionadas por este instituto, e se establece a súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2022 (DOG núm. 12, do 19/01/22). O Sr. alcalde considera convinte para o interese público solicitar ditas axudas para realizar unha actuación no lugar de Laxas consistente na mellora das infraestruturas públicas existentes dedicadas a lavadoiro e fonte que se atopan nun estado de evidente degradación.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar ao Instituto de Estudos do Territorio (IET) unha axuda por importe de VINTE MIL EUROS (20.000,00 €) para a actuación de corrección do impacto paisaxístico denominada “*Acondicionamento e mellora do lavadoiro e fonte do lugar de Laxas*”.

Segundo.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na resolución da convocatoria.

Terceiro.- Comprometerse a levar a cabo na súa totalidade as actuacións que se conteñen na memoria técnica, no suposto de ser beneficiario da axuda solicitada.

Cuarto.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados con cargo os orzamentos municipais, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Quinto.- Aprobar a Memoria técnica redactada polo arquitecto técnico Don José Abel Mato Méijome, en data febreiro de 2022, cun orzamento total por importe de VINTE E NOVE MIL CENTO VINTE E UN EUROS CON OITO CÉNTIMOS (29.121,08 €).

Sexto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do acordado.

6.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO NA CONVOCATORIA PARA O FINANCIAMENTO E PRESTACIÓN DAS AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA NOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2022

O Sr. alcalde informa aos Sres. concelleiros asistentes das Bases reguladoras para o financiamento e prestación das axudas básicas de emerxencia nos servizos sociais comunitarios da Deputación Provincial de Pontevedra para o ano 2022, publicadas no BOP núm. 38, correspondente ao día 24 de febreiro do corrente, e da conveniencia de solicitar a participación do Concello na convocatoria para proporcionar, a través dos servizos sociais municipais, apoio económico, de maneira excepcional e extraordinaria, para poder atender as demandas de urxente e puntual necesidade das veciñas e veciños do Concello, xestionadas a través dos servizos sociais comunitarios,

que carezan de ingresos suficientes para facer fronte aos gastos polos que solicitan as axudas, con prioridade a familias con menores ao seu cargo que se atopen en situación de exclusión social ou en risco de estalo.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Coñecer e aceptar as bases da convocatoria e os compromisos que se inclúen nela.

Segundo.- Solicitar a cantidade de CINCO MIL EUROS (5.000,00 €) para gastos correntes e a cantidade de DOUS MIL OITOCENTOS EUROS (2.800,00 €) para investimentos, destinados á tipoloxía das axudas establecidas na base sexta das mencionadas Bases.

Terceiro.- Autorizar á Deputación de Pontevedra a comprobar o cumprimento por parte do Concello das súas obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA e Seguridade Social.

7.- CONCESIÓN DE NOVENA PRÓRROGA NO PRAZO DE INICIO DE OBRA AMPARADA EN LICENZA MUNICIPAL

ANTECEDENTES

1º.- Don César Diéguez Doval, na representación da sociedade DIÉGUEZ PAZ S.C., con CIF núm. ██████████ e con domicilio social no lugar de Perros, parroquia da Portela, solicita con data 24 de xaneiro de 2022 (RE núm. 103) unha novena prórroga do prazo para o inicio das obras de CONSTRUCCIÓN DE NAVE DE PORCINO E FOSA DE XURRO, con emprazamento no lugar de Pescoso, parroquia de Santa Mariña de Pescoso.

2º.- A Xunta de Goberno Local do Concello, na sesión celebrada o día 19 de xullo de 2017, acordou conceder a correspondente licenza municipal para as obras descritas, non fixándose expresamente o prazo de inicio das obras, polo que resulta de aplicación o prazo máximo por defecto, establecido en seis meses, en virtude do disposto no artigo 145.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).

3º.- Segundo o manifestado polo solicitante, as obras non foron iniciadas a esta data.

4º.- Con datas 21 de febreiro de 2018, 8 de agosto de 2018, 13 de febreiro de 2019, 6 de agosto de 2019, 27 de febreiro de 2020, 20 de outubro de 2020, 9 de abril de 2021 e 22 de setembro de 2021, a Xunta de Goberno Local concedeu á sociedade solicitante oito prórrogas de cadanseus seis meses, que remataron o día 31 de xaneiro do corrente.

5º.- Consta informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 25/02/22, acreditando a conformidade da licenza coa ordenación urbanística vixente.

FUNDAMENTO XURÍDICO

Único.- O artigo 145.2 da LSG textualmente dispón: *“Os concellos poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado”.*

Debidamente informados de canto antecede e acreditado o cumprimento dos requisitos legais esixibles, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

CONCEDER á sociedade solicitante unha novena prórroga de seis meses para o inicio das obras, que rematará o día 31 de xullo de 2022.

8.- ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA)

O Sr. alcalde informa aos Sres. concelleiros presentes que a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) asinaron un convenio para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa

galego de vixilancia e control fronte á avésa asiática (vespa velutina). Con este novo convenio preténdese establecer o marco para dar continuidade á execución de forma coordinada do programa de 2021 e así continuar ofrecendo unha solución homoxénea en todas as zonas afectadas e acadar unha maior eficacia na retirada e neutralización de niños ao longo do presente ano 2022. No pasado ano a Xunta actuou, a través do SEAGA, no 96 % do total dos concellos de Galicia.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes e de conformidade co establecido na cláusula terceira de dito Convenio, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- A adhesión do Concello de Rodeiro ao Convenio, asinado o día 18 de febreiro de 2022, entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á avésa asiática (vespa velutina).

Segundo.- O Concello adhírese expresamente a todas e cada unha das cláusulas do Convenio antes citado e asume as obrigas derivadas do mesmo, con observancia de todas as súas cláusulas, en particular as referidas ás obrigas e compromisos establecidos para as entidades locais.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine o documento de adhesión e cantos outros resulten precisos para a efectividade do acordado.

9.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SISTEMAS INFORMÁTICOS ANDIÓN Y MOURIÑO S.L. 739,69 €
Por subministro de material informático para o Concello, s/factura núm. 21386.

- TELFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 17,40 €, 204,66 €, 69,39 € E 64,30 €
Por consumos dos teléfonos das dependencias municipais, s/facturas núm. TA6S80001278, TA6S80001279, TA6S80001298 e TA6S80001299 (FACe).
- DEPUTACIÓN PROVINCIAL 30,00 €
Por taxa por autorización de obra en estrada provincial, s/cargo.
- XUNTA DE GALICIA 36,00 €
Por taxa por autorización de Augas de Galicia, s/cargo.
- MARÍA JOSÉ DÍAZ MARTUL 58,08 €
Por reparación de pneumático do camión de recollida do lixo, s/factura núm. A/740.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas trinta minutos, da que como secretario, estando a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)